



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 30/08/2007

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez.
D^a Araceli Río Bimbiela.
D. Roberto Iglesias Delgado.
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.
D^a M^a Susana López Abella.
D. José Castor Novoa Fernández.
D. Manuel Diéguez Carballo.
D^a. M^a Cándida Carneiro Branco.
D. José Luís Janeiro Rodríguez.
D. Ildefonso José Piñeiro Díaz.
D. Xesús Mazaira Varela.
D^a. Olga Otero Gómez.

SECRETARIO:

Rafael del Barrio Berbel.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo ás vinte horas do día trinta de agosto de dous mil sete, reuníronse, logo de convocatoria en legal forma practicada, os señores concelleiros e concelleiras que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o secretario, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DIA:

1. - APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.

Polo sr. secretario danse a coñecer as actas pendentes de aprobación correspondentes ás sesións constitutivas de data 16/06/2007 e á sesión extraordinaria de data 12/07/2007.

O voceiro do grupo PP, D. Manuel L. Varela Rodríguez, sinala que ao final da acta da sesión extraordinaria de data 17/07/2007 se recollen unha serie de asuntos que quedaron pendentes, como a creación da comisión informativa de contratación, persoal e subvencións, a dedicación parcial do segundo tenente de alcalde, a posible dedicación exclusiva do Alcalde, as indemnizacións a percibir polos membros da corporación, e a cantidade adicional a percibir polo presidente dos órganos colexiados. O concelleiro afirma que os devanditos asuntos quedaron perfectamente clarificados na sesión, mostrándose en desacordo co reflectido na acta. No caso da comisión informativa de contratación, persoal e subvencións, sinala que si se creou, que non se aprobaron a dedicación parcial do segundo tenente nin a exclusiva do alcalde, que as indemnizacións a percibir polos membros da corporación díxose que serían os



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

gastos de quilometraxe de 0,19 euros, e que a cantidade adicional a percibir polo presidente dos órganos colexiados quedara fóra. Sinala tamén que quedaron pendentes eses asuntos e deberíase dicir porqué quedaron pendentes e en que momento se ían volver tratar.

O voceiro do grupo BNG, D. Ildefonso Piñeiro Díaz, sinala que no punto terceiro da orde do día da sesión extraordinaria de data 17/07/2007, ao referirse á periodicidade das sesións extraordinarias, dixo que se celebrasen cando o soliciten un cuarto dos membros da corporación ou a petición de calquera grupo político.

O Sr. Secretario contesta primeiro ao Sr. Piñeiro, indicando que non tomou nota disto no borrador da acta, que o fará constar na acta. Pero en calquera caso, tanto a Lei de bases de réxime local como o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais, establecen que as sesións extraordinarias se convoquen a petición de polo menos un cuarto dos membros da Corporación, polo que non é admisible a convocatoria de plenos extraordinarios por solicitude dun grupo, xa que o grupo BNG non chega ao cuarto do número de membros da corporación. Neste sentido, nin o Pleno nin o propio regulamento orgánico municipal pode establecer a devandita convocatoria por solicitude dun grupo municipal, xa que contraviría a normativa citada.

En canto ás observacións realizadas polo Sr. Varela, o Sr. Secretario sinala que se reflectiu na acta o que aconteceu ao longo da sesión, reflectíndose só aqueles puntos nos que efectivamente houbo acordo, o que se pode comprobar na gravación da sesión. Aclárase que no marco do debate se trataron moitos asuntos que non se chegaron a votar ao final, o que foi debido, en parte, a que dentro de cada punto da orde do día había varios asuntos, que se foron debatendo de forma conxunta, pero algúns deles non se chegaron a votar, polo que na acta solo se reflectiu aquilo que se votou e no que houbo acordo. No caso concreto da comisión especial de contratación, persoal e subvencións, non se especificou que expedientes ían ir nesa comisión, nin a composición e funcionamento desta, e non se chegou a votar a súa aprobación. No caso das posibles dedicacións parciais ou exclusivas tampouco se votaron, e en canto ás indemnizacións a percibir polos membros corporativos non se concretaron tampouco se se establecían as do grupo 1 ou 2 do anexo do RD de 2002.

O Sr. Varela continúa mostrando a súa desconformidade coa acta, reiterándose no anterior.

Sometidas ámbalas dúas actas a votación, son aprobadas por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos en contra correspondentes aos membros do grupo PP.

2. - DECRETOS DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS EN TENENTE DE ALCALDE E XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

"DECRETO 29/08/2007. - MODIFICACIÓN DOS DECRETOS DE ALCALDÍA DE DATA 4/07/2007 SOBRE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA EN TENENTES DE ALCALDE, E NOMEAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os Decretos de alcaldía de data 4/07/2007 sobre nomeamentos de Tenentes de Alcalde, delegacións de alcaldía en tenentes de alcalde, e nomeamento da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o acordo de goberno de coalición PSOE-BNG para o período 2007-2011, asinado en data 7/08/2007.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Considerando o disposto non artigo 21 23 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

PRIMEIRO. - Deixar sen efecto os Decretos de alcaldía de data 4/07/2007 sobre nomeamentos de tenentes de alcalde, delegacións de alcaldía en tenentes de alcalde, e nomeamento da Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. - Nomear tenente de alcalde ou concelleiro do grupo BNG D. Ildfonso Piñeiro Díaz. Ó tenente de alcalde correspóndelle substituír esta alcaldía na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio das súas atribucións.

Así mesmo lle corresponden ao tenente de alcalde as seguintes delegacións xenéricas:

*Industria, Comercio, Turismo e novas Tecnoloxías.
Medio Rural e desenvolvemento.
Vivenda, Solo e Patrimonio.
Xuventude e Deportes.
Benestar Social.
Comunicación.*

A delegación xenérica comprende dirección interna e xestión do servizo ou áreas que se delega, con capacidade resolutive mediante actos administrativos que afectan a terceiros, con capacidade de disposición de gastos nas devanditas areas, e a sinatura de convenios con outras administracións.

TERCEIRO.- *Outorgar ás delegacións especiais que se sinalan aos seguintes concelleiros:*

A D^a. Araceli Río Bimbiela:

*Sanidade
Participación cidadá
Política de igualdade*

A D. Roberto Iglesias Delgado:

*Festas e eventos
Tráfico e Seguridade cidadá
Promoción económica e social*

A D^a M^a Amadora Gómez Álvarez:

*Educación
Cultura*

A D. Xesús Mazaira Varela:

*Industria, Comercio e novas Tecnoloxías.
Desenvolvemento
Vivenda e Solo.*

*A D^a Olga Otero Vázquez:
Medio Rural.*

A delegación especial comprende dirección interna e xestión do servizo ou áreas que se delega, pero sen capacidade resolutive mediante actos administrativos que afectan a terceiros.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

CUARTO - A Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estará integrada por catro concelleiros, número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos que integran a Corporación:

*D^a. Araceli Río Bimbiela, do grupo PSOE:
D. Roberto Iglesias Delgado, do grupo PSOE.
D. Idelfondo Piñeiro Díaz, do grupo BNG.
D. Xesús Mazaira Varela, do grupo BNG.*

QUINTO. - A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria cada quince días, os xoves (da primeira e terceira semana de cada mes) ás 17.30 horas, e terá asignadas as seguintes atribucións:

*a) A asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.
b) As atribucións que a Alcaldía lle delega, que son:*

- O recoñecemento e liquidación de obrigas económicas de todo tipo, de conformidade coa Lei reguladora das facendas locais e disposicións de desenvolvemento.*
- O outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo.*
- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co presuposto e o equipo aprobados polo Pleno, a aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.*
- A aprobación dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*
- As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por 100 dous recursos ordinarios do Presuposto nin, en calquera caso, os seis millóns de euros incluídas ás de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.*
- A aprobación de proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto.*
- O outorgamento de licenzas urbanísticas de obras maiores, obras de edificación, licenzas de segregación ou parcelación, e licenzas de primeira ocupación.*
- Os expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.*

SEXTO. - Dar conta ao Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión que se celebre, notificarlo aos interesados, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia, todo iso sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da presente resolución.

SEPTIMO.- Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido do presente decreto ".

3. - MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS SEGUINTE:

PP

A) Sobre o Plan de reequilibrio Territorial.

Defende a moción o Sr. Varela, que dá lectura a esta do seguinte tenor literal:

"O 25 de xuño de 2007, o Presidente da Xunta de Galicia fixo público o contido do Plan de reequilibrio Territorial. A través deste documento, o Executivo autonómico comprométese a executar unha serie de actuacións e investimentos, en varios concellos da xeografía galega, co obxecto de impulsar o desenvolvemento económico, equilibrado e sostible de Galicia.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O obxectivo final deberá ser o reforzo da cohesión socio-territorial a través do impulso dunha serie de actuacións orientadas a corrixir os desequilibrios territoriais internos. Para logralo, pretenden desenvolver varios procesos de dinamización económica, planificación e coordinación das actuacións das distintas Administracións Públicas, en materia de infraestruturas, apoio aos sectores produtivos e dotación de novos e mellores equipamentos.

Pero lonxe destes obxectivos, por todos desexables, e tras realizar unha análise do seu contido, o grupo popular constata que este plan se limita a ser unha compilación de proxectos, paralizados tralo acceso ao poder do actual Goberno bipartito, e outros que, na maioría dos casos, xa deberán estar rematados ou permanecen pendentes de execución. Ademais, do propio contido do Plan, dedúcense importantes ausencias, consecuencia todas elas da falta de participación dos Concellos na elaboración deste, que constitúen de por si, un verdadeiro fraude para as entidades locais.

Por outra banda, parece claro que o Plan de reequilibrio Territorial de Galicia contempla unha descrición pouco precisa das actuacións nel incluídas, ou que dificulta a análise da súa funcionabilidade e imposibilita realizar unha valoración precisa da repercusión e beneficios que as previsións nel contidas traerán ao noso concello, e aos municipios da nosa provincia.

Malia iso, é sinxelo observar a falta de novas ideas, novos proxectos e o atraso de moitos deles respecto das previsións incluídas no Plan de Dinamización Económica -Plan Galicia posto en marcha polo anterior Executivo Popular.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal que subscribe, considera de interese municipal prioritario que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE que o Pleno do Concello inste á Xunta de Galicia a:

PRIMEIRO.- Que teña en conta a participación dos distintos concellos galegos na elaboración definitiva do Plan de reequilibrio Territorial de Galicia de tal xeito que, unha vez consultado ao Concello de Chantada, poidan incorporarse ás achegas que este realice.

SEGUNDO. - Que establezan prazos de execución concretos así como as previsións orzamentarias precisas, en relación con todas e cada unha das actuacións incluídas, ou que poidan incluírse tras as consultas aos distintos concellos, no Plan de reequilibrio Territorial de Galicia.

TERCEIRO.- O Concello de Chantada remitirá o contido do presente acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, así como tamén a cada un dos Grupos Parlamentarios da Cámara galega e aos órganos de dirección da Federación Galega de Municipios e Provinciais de tal xeito que, todos eles, poidan coñecer os termos do acordado na sesión plenaria da Corporación Municipal".

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Varela sinala a necesidade de reequilibrar o interior de Galicia e a costa, de forma que os investimentos que veñen de fóra se destinen de forma igualitaria en Galicia. Así mesmo, argumenta que ese desequilibrio que vén dende hai anos é polo que estamos a sufrir o despoboamento do interior de Galicia, que o Concello de Chantada debería liderar a dinamización turística da Ribeira Sacra e dos ámbitos do río Miño, e que se debería preguntar ao concello as necesidades e carencias de Chantada para telas en conta na territorialidade. Tamén sinala outras carencias e atrasos como o da autovía de Lugo a Ourense, a ampliación do polígono industrial que se fixo a través da sociedade urbanística de Lugo e que ten que poñerse en marcha canto antes, dada a posibilidade de quedar aquí "Estrela de Galicia", e como as obras necesarias nos ámbitos da ribeira. Conclúe afirmando



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

que isto debería de estar considerado no plan da Xunta, cuns prazos concretos, e deberíase remitir ao presidente e vicepresidente da Xunta para que o incluíra no plan territorial.

O Sr. Piñeiro sinala que ás excelencias do Plan de Dinamización Económica (Plan Galicia) supón o que non fixeron durante 16 anos de goberno na Xunta a pesar dese Plan Galicia, e ter agora que facer un verdadeiro plan, ou Plan de reequilibrio Territorial, que é o máis ambicioso da historia de Galiza, para resolver as carencias da política destes anos. É paradóxico tamén que pidan a participación dos concellos cando non o fixeron co Plan Galicia. No período 2007-2010 á provincia de Lugo destinaranse 3.657 millóns de euros para loitar contra a Galicia de dúas velocidades e dinamizar así comarcas máis deprimidas. O concelleiro explica que o Plan estipula 500 actuacións concretas divididas e 5 eixes sectoriais: infraestruturas produtivas, medio, equipamento social e vivenda, medio rural e pesca e promoción económica. O plan de reequilibrio Territorial non pensa só en infraestruturas físicas, senón que fai un énfase especial en potenciar a economía produtiva e a dotación de servizos para a igualdade e o benestar. Así mesmo, sinala que a consecución do equilibrio territorial entre a costa e o interior pasa por dotar aos concellos rurais do interior dos equipamentos sociais necesarios que permitan que a xente poida ter acceso a unha vivenda digna, que poida levar aos fillos a unha escola infantil, que poidan contar con centros de día e residencias públicas que garantan o benestar das persoas e lles permitan vivir e desenvolver o seu proxecto vital no seu concello. En consecuencia, conclúe afirmando que son argumentos máis que suficientes para rexeitar a moción presentada, xa que o Plan de reequilibrio expresa claramente a aposta da Xunta polos concellos do interior.

O voceiro do grupo PSOE, D. Roberto Iglesias Delgado, sinala que o Plan de sectorización non se puido mandar a Urbanismo porque se está facendo agora, está pendente de publicar no DOGA, e hai que cumprir os prazos de exposición pública que son 60 días, e unha vez emitidos os informes preceptivos de medio e urbanismo aprobarase e iniciaranse as expropiacións.

O Sr. Varela sinala que lle digan as actuacións concretas en Chantada a integrar no reequilibrio territorial, pero que non vai ningunha. En canto ao Plan de sectorización, sinala que a sociedade urbanística da Deputación de Lugo tiña enviado o plan a Urbanismo en abril e dicían que en tres meses podería estar aprobado por silencio administrativo, o que comprobará na Deputación a semana que vén.

POR proposta do Sr. Alcalde o Sr. Secretario explica o procedemento legal para a tramitación do plan sectorial, que esixe un proceso paralelo de avaliación ambiental tras a entrada en vigor da Lei 7/2006 de avaliación de impacto ambiental, que esixe facer un estudio de impacto ambiental e sometelo a información pública xunto co plan durante o prazo de 15 días. Así mesmo aclaranse unha serie de cuestións formuladas relacionadas co anterior.

O Sr. Piñeiro sinala unha serie de proxectos a realizar no plan de reequilibrio territorial, como a planta de a biomasa, a estrada en Piedrafita, e outros proxectos que teñen enriba da mesa, afirmando que o plan ten en conta a zona do interior, e que a provincia de Lugo contén numerosas actuacións.

O Sr. Alcalde móstrase en contra da moción porque vai positivo o plan, xa que se recoñece que o interior esta desfavorecido respecto á costa, e que supón un primeiro paso.

Sometida a votación a moción é denegada por sete votos en contra dos grupos PSOE e BNG, e seis votos a favor do grupo PP.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

B) Sobre a queixa dos veciños da Rúa Alférez Baanante e praza García Arias por molestias que provocan os vehículos nas citadas rúas.

Defende a moción o Sr. Varela, que dá lectura a esta do seguinte tenor literal:

"Hai días que os veciños, da rúa Alférez Baanante e Praza García Arias, se veñen queixando das incomodidades dos vehículos que a grande velocidade pasan polas citadas rúa e praza e lles impide unha convivencia normal para esta zona, dado que pasan a grandes velocidades por unhas rúas estreitas co conseguinte perigo que isto supón para os viandantes e usuarios da estrada, provocando mesmo en días de chuvia, o normal desprazamento polas beirarrúas xa que por mor da auga que discorre pola mesma provoca que os viandantes sexan frecuentemente salpicados polos vehículos que por ela circulan.

Polo tanto este grupo municipal, propón á Alcaldía que se adopten as medidas oportunas que pasarían por delimitar perfectamente os pasos de peóns, mesmo aumentando os mesmos na zona en cuestión, dotando a estes dun sistema de elevación que xa practicamente se está a utilizar en todos os concellos, que evitaría que os vehículos circulasen a grandes velocidades. Tamén sería conveniente intensificar a vixilancia nesta zona xa que agora ven o verán e hai unha maior afluencia de coches.

Po todo iso, propoñemos que se adopten as medidas oportunas o antes posible, para evitar a infracción das normas, encamiñadas a poder manter unha convivencia normal nas rúas e praza sinaladas".

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Varela precisa que as medidas sinaladas son as que propuxeron os veciños da zona, pero que o seu grupo está aberto a outras posibles solucións, e que se o Concello non pode facerse cargo se podería solicitar á Deputación.

O Sr. Igrexas móstrase favorable á moción, así como a necesidade de realizar outras melloras puntuais nesa zona, como asfaltados e pintado de pasos de peóns. Tamén sinala que están pendentes de presupostos para facer esa elevación, que ten que ser de formigón. Así mesmo, indica que a preocupación non é só de tráfico senón tamén de urbanismo, xa que a zona esta bastante mal, e que xa están previstas facer outras actuacións en zonas dese barrio, como a urbanización da rúa Castelao.

Sometida a moción a votación é aprobada por unanimidade.

BNG

A) Sobre a proposta de ordenanza municipal para a construción, ampliación e funcionamento de explotacións gandeiras.

Defende a moción o Sr. Piñeiro, que dá lectura a esta do seguinte tenor literal:

"A falla de regulación normativa municipal, sitúa aos labregos que pretenden a ampliación ou construción de explotacións gandeiras, nunha absoluta inseguridade xurídica; dependendo da maior ou menor comprensión dos veciños un mesmo proxecto pode levarse a cabo ou non.

Non importa que as medidas correctoras sexan as mesmas, non importa que o solo teña como destino preferente os usos agropecuarios, basta a oposición de calquera veciño que conciba ás nosas aldeas como meros lugares residenciais ou a existencia dun contencioso particular previo, para que un proxecto de mellora ou ampliación dunha explotación gandeira se trunque ou desenvoqe nun contencioso de alto custe económico.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Os propios xuíces poñen reiteradamente de manifesto a inexistencia de regulación municipal e / ou autonómica. A propia Lei 1/1995 do Parlamento de Galicia, fixa o prazo dun ano para o desenvolvemento regulamentario pero a altura do 2007 aínda segue a remitirnos ao RAMINP de 1961 e para novas explotacións, os xuíces non teñen outro apoio normativo que unha circular da Comisión Delegada de Saneamento da provincia de Lugo de decembro de 1972. Cando se trata de apreciar a trata dunha ampliación ou dunha nova actividade, a propia administración autonómica parece adoptar o seu criterio segundo ás alegacións que reciba.

O resultado é como dicimos ao comezo, a inseguridade xurídica dos poucos labregos que aínda seguen a apostar polo futuro do noso agro.

Doutra banda, a necesidade de atallar o despoboamento do rural é un obxectivo compartido por todas ás forzas políticas presentes no Parlamento Galego e na Corporación municipal de Chantada, e dende perspectivas políticas distintas, propóñense ideas e medidas tendentes á fixación de poboación, nomeadamente ás novas xeracións, mais todos coincidimos na necesidade da preservación e ampliación da capacidade produtiva agrogandeira como pilar básico de desenvolvemento sustentábel e mesmo da supervivencia do noso medio rural.

Por todo o dito, reclamamos que de xeito urxente se convoque a Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, medio, patrimonio e medio rural para que coa achega de todos os grupos municipais e dentro das competencias que a Lei 7/1985, de 2 abril, atribúe aos concellos, elabore unha PROPOSTA DE ORDENANZA MUNICIPAL PARA A CONSTRUCCIÓN, AMPLIACIÓN E FUNCIONAMENTO DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS ".

Aberto o debate pola presidencia o Sr. Piñeiro argumenta que se trata de dar aos labregos emprendedores que queren modernizar as súas explotacións, seguridade xurídica. Que cando un labrego pretenda modernizar a explotación teña a mesma certeza de que se pode facer tal ou cal obra como se tratase de construír unha casa nun solar. Que se lle poida dar algo parecido a unha cédula de cualificación urbanística igual que se lle dá a un promotor antes de gastar cartos nun proxecto dun edificio. Trátase en fin de reducir a discrecionalidade, atender o que sinala o propio RAMINP e a lei do medio de Galicia de 1995, aínda sen desenvolver e trátase tamén de que os labregos emprendedores non estean constantemente ameazados por algún contencioso.

O Sr. Alcalde móstrase favorable á moción formulada.

O Sr. Varela sinala que as bisbarras do interior de Galicia con gandarías teñen o problema de que a Lei do Chan establece as distancias dos núcleos de poboación, polo que por moito que nos reunamos non imos solucionar nada posto que non imos modificar a devandita lei. Nós tivemos contenciosos por estes problemas, e o grupo PSOE vainos ter tamén. O concelleiro sinala o caso concreto da problemática da ampliación dunha explotación gandeira en San Cristovo, que conta con todos os permisos de urbanismo e está paralizada dende a Consellería de Medio, que está a interferir en competencias urbanísticas. E se se denuncian estas situacións por nós mesmos que estamos en política prexudicámonos todos, e de nada serve reunirmos e facer unha ordenanza de boas intencións.

O Sr. Piñeiro indica que a iniciativa é para evitar este tipo de problemas e evitar os contenciosos, dando seguridade xurídica aos gandeiros. Trataríase de levala á Xunta para o seu informe e tratala de aplicar sen contradicir ningunha lei. E esa ordenanza faríase coa participación das asociacións de gandeiros, empresarios e partidos políticos.

O Sr. Varela sinala que o único que se podería facer é incluílo no plan xeral, sempre que non contradiga a Lei do Chan, e que non todo o que se reflecta no Plan Xeral non serve para nada, xa que só son boas intencións, reiterando o sinalado anteriormente.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sometido a moción a votación é aprobada por sete votos a favor correspondentes aos membros do grupo PSOE e BNG, e seis abstencións do grupo PP.

B) Sobre adhesión do Concello ou Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Defende a moción o Sr. Piñeiro, que dá lectura a esta do seguinte tenor literal:

"O consello da Xunta de Galiza aprobou o 15 de xuño de 2006 a creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a colaboración na xestión dos servizos sociais no ámbito territorial dos concellos galegos. Neste mesmo acordo autorizouse a sinatura do Convenio para a constitución do Consorcio entre a Xunta de Galiza, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e os concellos de Portas, Taboadela, Vilamarín, Boimorto, Carnota, As Neves, Outes, Xove, Cerdedo, Allariz, A Illa de Arousa, Laza, Ribadeo e Carballeda de Avia. Convenio que levou anexos os Estatutos que establecen o réxime orgánico, funcional e financeiro do mesmo. E o día 3 de xullo de 2006, procedeuse á sinatura do citado Convenio de Colaboración, CoA súa publicación, xunto cos Estatutos do Consorcio, non Diario Oficial de Galicia nº 131 de data 7 de xullo de 2006.

A sesión constitutiva do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar tivo lugar, nas dependencias da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ou día 10 de xullo de 2006; sesión na que, ademais de proceder á constitución formal dos órganos do Consorcio -Asemblea Xeral e Comité Directivo- e á elección do Vicepresidente, adoptáronse, entre outros, os seguintes acordos: aprobación do orzamento provisional para o ano 2006 e inicio dos trámites para a contratación do/a Xerente do Consorcio.

En consecuencia, dende a data da súa sesión constitutiva, o Consorcio atópase en pleno funcionamento, recibindo, neste período de tempo, un total de 77 novas solicitudes de adhesión de concellos e de conformidade co mecanismo previsto ao efecto nos estatutos do Consorcio.

O día 2 de outubro dese ano, celebrouse a sesión ordinaria do Comité Directivo do Consorcio, na que se adoptaron, entre outros, os seguintes acordos: admisión dun total de 77 concellos que tiñan solicitado formalmente a súa adhesión ao Consorcio e nomeamento, como Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a D. Lois Pérez Castrillo, unha vez rematado o proceso selectivo convocado ao efecto.

En consecuencia, a día de hoxe, forman parte do Consorcio un total de 184 entidades locais -entre elas, a Mancomunidade do Ribeiro- (tendo en conta os 14 concellos que inicialmente subscribiron o convenio para a súa constitución).

As primeiras estimacións que existen en relación aos orzamentos do ano 2007, sitúanse en torno aos nove millóns de euros -ampliáveis-, que estarían destinados unicamente a sufragar os gastos de funcionamento e mantemento dos centros existentes (escolas infantís, centros de día, residencias de maiores...).

Hai que aclarar, diante dalgunhas manifestacións do PP, que como consecuencia das negociacións e contactos mantidos CoA FEGAMP no proceso de elaboración dos estatutos do Consorcio, estes reflexan moitas das cuestións demandadas en nome dos concellos, e así o recollen os estatutos publicados no DOG do 7 de xullo, como son:

- No artigo 1 exclúense expresamente do Consorcio as cantidades que, para a asistencia social básica aos colectivos afectados, reciban os entes locais procedentes do plan concertado.*
- Igualmente o artigo 1 recolle outra das cuestións reclamadas pola FEGAMP, consistente en que a entrada no Consorcio non suporá para os concellos incremento de gasto en relación á súa situación inmediatamente anterior e aos servizos xa en funcionamento*



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- No artigo 8 dos Estatutos establécese que os concellos integrantes do Consorcio, que así o soliciten, poderán exercer a administración directa dos centros.
- E, respecto da figura do/a xerente do Consorcio, o artigo 15 configúrao como un órgano unipersoal designado polo Comité Directivo, por proposta do/a presidente do Consorcio, de entre profesionais de acreditada cualificación; polo que, en consecuencia, garántese a participación dos concellos na súa selección.

Sen embargo tales modificacións foron novamente demandadas, como condición previa a súa incorporación ao Consorcio, por diversos concellos galegos, ben por manipulación partidista do PP ou ben por descoñecemento de que as mesmas xa foron convenientemente recollidas nos estatutos. En consecuencia, na sesión constitutiva do Consorcio celebrada en data 10 de xullo pasado, os/as membros da Asemblea Xeral decidiron pronunciarse expresamente sobre as propostas efectuadas por ditos concellos, ao obxecto de ratificar que as mesmas se atopaban recollidas nos estatutos definitivamente aprobados e de remover calquera atranco que puidera impedir a incorporación ao Consorcio de todos os concellos que así o desexasen.

Ate 2010, o Consorcio investirá máis de 130 millóns de euros na creación, rehabilitación e xestión de centros de servizos sociais.

Ademais dos centros que prevé incorporar, o Consorcio permitirá a construción dun total de 121 novos centros na área de Igualdade -escolas infantís- e de 77 novos centros na área de benestar -entre residencias, minirresidencias e centros de día para a terceira idade e centros de atención á discapacidade-.

Prevese que o Consorcio poida xerar máis de 4.000 empregos nos distintos concellos implicados na súa actividade. Os centros en materia de igualdade xestionados polo Consorcio poderán xerar un total de 2.000 postos de traballo directos nos concellos en que se atopen e, non caso dous centros da área de benestar, poderán supoñer case 1.700 empregos directos e máis de 300 indirectos.

A creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar responde a varias finalidades fundamentais para ou BNG: Necesidade de garantir a responsabilización pública e a cooperación interadministrativa na efectiva prestación de servizos sociais de ámbito local, en termos de equilibrio territorial na súa distribución, en condicións de calidade, e baixo o principio básico de proximidade. Modificar o modelo de prestación de servizos sociais existente, co fin de paliar as deficiencias que nestes momentos presenta: Oferta insuficiente, carácter fragmentario e discontinuo para os efectos de xestión e cobertura territorial, e falla de mecanismos efectivos de coordinación entre os sistemas de protección social e os propios axentes. Implantación dun modelo homoxéneo na prestación de servizos sociais para garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente; incremento dos niveis de cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións; distribución efectiva ds servizos e prestacións co fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación -asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu ámbito propio; contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo.

Coa creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, arbítrase unha fórmula innovadora de xestión no eido das políticas de provisión de servizos sociais, orientada á garantir, en calquera caso, a prestación dun servizo de calidade e con niveis abondos de cobertura poboacional e territorial.

A Administración Autónoma forma parte do Consorcio como consecuencia de competencias que lle son propias: a planificación e programación e a ordenación e coordinación do sistema de servizos



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

sociais galegos, en coherencia coas notas centrais que o caracterizan como sistema integrado e de responsabilidade pública.

Con pleno respecto ao principio de autonomía local, a administración directa dos centros será exercida polos concellos integrantes do Consorcio que así o soliciten, e sempre de acordo ás directoras xerais emanadas do mesmo. A prestación de servizos por parte do Consorcio non é en modo algún substitutoria de competencias municipais, senón unha ferramenta de complementariedade e apoio para os concellos que subministra orientación estratéxica, planificación e asistencia prestacional, especialmente naqueles casos en que os concellos, previsiblemente en atención á súa imposibilidade e/ou insuficiencia na prestación, expresamente o soliciten.

É por todo isto que propomos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1. Adhesión do Concello ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.*
- 2. Facultar á alcaldía a formalizar a adhesión do Concello ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar".*

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Piñeiro resalta os aspectos máis relevantes da moción.

O Sr. Alcalde móstrase favorable a esta, xa que entende que a Xunta é o organismo encargado da prestación social e que a devandita colaboración co consorcio pode redundar en melloras na prestación de servizos sociais.

O Sr. Varela apunta a necesidade de retirar a moción, xa que está prevista a modificación dalgúns artigos dos estatutos do consorcio, pola que debería de esperar e estudar entón con detalle. Tamén sinala que se resta autonomía aos concellos, centralizándose en Santiago o que antes estaba centralizado en Madrid, e que a Xunta debería soportar o cen por cento dos gastos en servizos sociais, xa que non é admisible que o Concello poña un trinta ou corenta por cento e a Xunta o resto, polo que ao final os cidadáns pagan dobremente, vía impositiva polos servizos, e vía impositiva municipal. Conclúe polo tanto, afirmando que só estaría de acordo se en 3 ou 4 anos a Xunta se fai cargo do cen por cento dos custos, pola contra debería quedar a moción sobre a mesa e esperar á modificación normativa sinalada.

O Sr. Piñeiro afirma que o Sr. Varela nunca tivo ganas de apoiar esa moción e agora tampouco. Sinala que a norma que rexe o réxime de organización e funcionamento do consorcio dispón que a administración directa será exercida polos concellos que o soliciten, de acordo coas directrices do consorcio, sen substitución de competencias municipais. Así mesmo, sinala que os gastos en benestar en Chantada supoñen un 5 ou un 10 por cento do que está a custar ao Concello, e que se hai que cambiar algo se poderá facer dentro do consorcio.

O Sr. Alcalde afirma que a aprobación da adhesión é un primeiro paso, e que posteriormente se darán outros pasos como a aprobación dos regulamentos.

Sometido o asunto a votación, é aprobado por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis abstencións correspondentes aos membros do grupo PP.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

C) Sobre a facturación de auga á Residencia da Terceira Idade de Chantada.

Defende a moción o Sr. Piñeiro, que dá lectura a esta do seguinte tenor literal:

"É recoñecido por todas e todos os veciños de Chantada o labor da Fundación da Residencia da Terceira Idade que dende hai anos ven cubrindo un servizo que ate agora non foron quen de prestar ás administracións públicas.

Sen ser obxecto desta proposta, nunca sobra lembrar ás moitas persoas que desinteresadamente adicaron cartos e tempo a esta obra. Foron moitas e moitos pero podémolos lembrar simplemente nomeando a D. José Rodríguez López.

Pero non é a hora dos recoñecementos pendentos que son moitos e algún día haberá que abordar, do que queremos tratar; o motivo desta proposta é reparar a inxustiza que se está a cometer coa Residencia a través das tarifas da auga: estase a facturar a auga como se se tratase dunha vivenda familiar, e como todos os grupos municipais coñecen o custe do m³ é diferente segundo o consumo, estabelecéndose tres tramos de facturación para penalizar malgasto da auga.

O que está ben para propiciar un uso racional da auga polas familias, resulta inxusto cando se aplica a unha instalación que ten que atender a perto de douscentos usuarios.

Consonte co anterior, propoñemos ao Pleno que ACORDE:

Dar as instrucións precisas á concesionaria do Servizo Municipal de Augas para que de xeito inmediato e con efectos do día 01-07-2007, se facture como consumo do tramo 1, a totalidade da auga consumida pola Residencia da Terceira Idade de Chantada, subvencionando o Concello se é preciso, a totalidade do quebranto económico que se lle produza á concesionaria".

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Varela afirma que xa se falou con Aquagest anteriormente e se aumentou o tramo de depuración, e que se debería de facer a xestión pertinente con Aquagest, tratando que pase todo o consumo polo contador de Aquagest.

O Sr. Piñeiro explica a problemática da facturación da residencia da terceira idade, así como da necesidade de buscar unha solución á utilización da auga, que cumpre unha función social, distinguindo no futuro o consumo de auga para usos industriais, sanitarios, de familias numerosas, etc...

O Sr. Igrexas apunta a necesidade de modificar a ordenanza fiscal, e non só para este caso concreto, senón para todo tipo de augas que non sexan domésticas, falando previamente con Aquagest para solucionar así o problema de forma definitiva.

Finalmente, déixase o asunto sobre a mesa neste sentido.

4. - ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS

Grupo PP:

1. - O Sr. Varela sinala que a documentación dos asuntos do Pleno debería de estar a disposición dos concelleiros cunha antelación mínima de 48 horas.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Secretario toma a palabra para aclarar que o atraso se debeu á coincidencia de días festivos e ao período vacacional dos funcionarios, e que non obstante, se intentará cumprir o devandito prazo, xa que non é a primeira vez que acontece.

PREGUNTAS

Grupo PP:

1. - Hai un operario da cooperativa está traballando co concello.

A través dun contrato de servizos coa cooperativa, traballa pola tarde co Concello.

2. - A rotonda da estrada comarcal 533 está seca.

O sistema de rego non chega, hai aspersores, hai que meterlle auga, darlle potencia, e intentar mantela.

3. - Tiñan seguro e permisos as carrilladas. E seguro de responsabilidade civil.

Si, controlouse todo, cortouse o tráfico, tiñan todos os permisos e seguros, era unha actividade realizada polo Concello.

4. - O camiión do concello condúcese por outras persoas. Hai que ter en conta que sen contrato pode pasar algo.

Só ese día, por membros da comisión de festas. Ten o seguro do vehículo que o cobre.

5. - Xestión feita con Galicia Vento coas subvencións para fútbol e baloncesto.

Esperamos contestación, deben un millón de pesetas do ano pasado.

E sendo, as vinte e unha horas e cincuenta minutos, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fe e certifico.

Chantada, 31 de agosto de 2007

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel